Exercicios autoavaliables descargables da unidade 13: O proceso de transición á democracia, logros e limitacións.

(3ª avaliación, 3ª quincena)

1. COMPOSICIÓN DE TEXTOS

A partir dos documentos que seguen debes compoñer un texto sobre a transición política á democracia. Logo da morte de Franco, os cambios inícianse definitivamente coa designación de Adolfo Suárez como Presidente do Goberno (Doc.1). A Lei para a Reforma Política (Doc.2) confirma a opción reformista adoptada pola transición e permite á UCD liderada por Suárez levar a cabo un programa de goberno (Doc.3) que, contando no esencial co consenso das demais forzas políticas, culminaría coa promulgación da Constitución en 1978 (Doc.4).

Doc.1.- Logo de ser designado Presidente do Goberno polo Rei, Adolfo Suárez diríxese ó país (6 de xullo de 1976):
"A meta última é moi concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para elo solicito a colaboración de tódalas forzas sociais (...).
A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien".

Doc.2.- Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de novembro de 1976:
Art. 1°.1.A democracia no Estado español baséase na su premacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.
2. A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.
Art. 2°. 1 .As Cortes compóñense do Congreso dos Depu tados e do Senado.
2. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.
3. Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos".

Doc.3.- Na campaña para as eleccións de xuño de 1977, o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:
"Prometemos volverlle a soberanía ó pobo español, e pasado mañá exércea.
Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.
Prometemos que todas as familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden acadalo (...).
Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con tódolos grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escanos (...). Podo prometer, e prometo (...), dedicar todos os esforzos a acadar un
entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos (...). Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características".

Doc 4.- Constitución de 1978:
"Art. 1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.
1.3.-A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.
Art.2..-A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.
Art.3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado (...).
3.2.-As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).
Art.6.-Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política".

Orientacións

Contidos que deben ser tratados na redacción:
- A transición como un proceso de liquidación da ditadura franquista e instauración dun sistema democrático.

- A posición dunha monarquía que busca a súa consolidación na lexitimidade democrática e as demandas de variadas forzas sociais e políticas da oposición, como factores que promoven a transición.
- O triunfo dunha vía reformista, conducida por Adolfo Suárez e a UCD, como solución de compromiso entre posturas rupturistas e continuistas, e que ten a súa plasmación na Lei para a Reforma Política.
- A pretensión permanente de consenso, que posibilita acordos como os Pactos da Moncloa e sobre todo a propia Constitución de 1978.
-A Constitución como pedra angular do novo Estado democrático, destacando algúns aspectos esenciais (soberanía popular, Estado das Autonomías...).
-As dificultades que enfronta o proceso: golpismo, terrorismo...

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

O proceso de transición en España foi singular e desenvolveuse nun marco cronolóxico entre 1975 e 1978, segundo se refiren os documentos. A reforma política propugnada pola oposición máis moderada e os sectores mais aperturistas do franquismo deu lugar a unha vía de democratización do país, fronte á ruptura política, que era a opción defendida pola case totalidade da oposición democrática ao franquismo.

Hoxe vivimos aínda algúns desaxustes no funcionamento da democracia derivados destes acordos, sen ruptura constituínte.

Como antecedente a Adolfo Suárez temos a Arias Navarro, xefe do goberno dos franquistas, que eran partidarios de cambios mínimos para manter a estrutura do franquismo e do mantemento do esencial das institucións.

Esta situación provocou (espírito do 12 de febreiro) un descontento xeral, descontento político que fai que se forme unha fronte unida: Coordinación Democrática tomando como base os puntos elaborados xa en 1974 e 1975.

Tamén había malestar económico derivado da falta de medidas para mitigar os efectos da crise económica.

En 1976 Adolfo Suárez foi escollido entre unha terna proposta polo Consello do Reino, a decisión do Rei. Era un falanxista, pouco coñecido pero propiciou o seu nomeamento Torcuato Fernández Miranda, por esa época presidente do Consello do Reino e das Cortes.

No discurso que temos no doc.1 vese a intención política de reformar a fondo *("libre vontade da maioría dos españois"*) o que significa a introdución dun sistema democrático mediante eleccións políticas. Solicita para iso a colaboración das forzas sociais e políticas, polo que representa unha posición intermedia entre as posicións rupturistas e os franquistas que eran os inmobilistas.

Na segunda parte do discurso expresa o posicionamento da Coroa. A Monarquía busca lexitimarse en base a un réxime constitucional e parlamentario, dado que a súa orixe é franquista (fora proclamado sucesor de Franco pola Lei de Sucesión).

A Lei para a Reforma política de 1976 é un texto breve no que se expresa o carácter democrático do Estado, baseado na soberanía popular e no que se define a estrutura das Cortes, que serán bicamerais (dúas Cámaras: Congreso e Senado) e elixidas por sufraxio universal (unha persoa, un voto).

Expresa a separación de poderes mencionando ao poder lexislativo, separado absolutamente das facultades que se lle outorgan ao rei.

O senado será unha cámara territorial, que represente ás Comunidades Autónomas, pero isto aínda hoxe está sen desenvolver. Nas Cortes terá preponderancia o Congreso sobre o Senado.

No texto prevíase a transformación das Cortes franquistas nunhas Cortes democráticas, e tiña que ser aprobada esta Lei polas propias cortes franquistas, polo que houbo moitas negociacións coas "familias" franquistas para illar ao búnker.

Foi aprobada case por unanimidade pero cabe ter en conta as circunstancias:

Os procuradores aprobárona dadas as garantías que Suárez lles ofreceu de non esixirlles responsabilidades aos implicados na ditadura e manter a ilegalidade do Partido Comunista. Pero esta lei, certamente imprecisa, non satisfacía á oposición.

Así que no referendo para aprobala o 15 de decembro de 1976 a abstención alcanzou o 22,3%, e houbo un 2,6% que votou que non.
Estamos nun momento no que había problemas como:

- o fanatismo ultra (matanza de Átocha, 1977)
- o comportamento do exército: Suárez buscaba a neutralidade apoiado polo rei e Gutiérrez Mellado como Ministro de Defensa. Prometeulles aos xefes militares o mantemento da unidade de España e da orde pública, respectar o pasado e non recoñecer ao PCE.

Ao longo de 1977 Suárez levou a cabo unha serie de medidas que completaron a reforma. Unha delas foi a convocatoria de eleccións xerais en 1977, eleccións constituíntes que se caracterizaron pola fragmentación política. Previamente houbo unha progresiva legalización dos partidos políticos e dos sindicatos. Pero a lexitimidade das eleccións pasaba pola participación de todas as forzas políticas sen exclusións, e houbo que legalizar ao PCE.
Nestas eleccións participaron:

- Partidos de esquerdas: o PSOE e o PCE e pequenos grupos rexionais
- Partidos de centro: UCD (formados por socialdemócratas, liberais e democristiáns)
- Partidos de dereitas: A.P liderada por Manuel Fraga e outros personaxes franquistas.
- Partidos nacionalistas: dos diferentes territorios.

Os resultados destas eleccións foron o triunfo das posicións centristas e de esquerda moderada, o voto favoreceu a políticos novos como Suárez ou Felipe González e rexeitaron a políticos que procedían do franquismo (Fraga) ou da guerra (Carrillo).
Como non se acadou a maioría absoluta, Suárez viuse na obriga de contar cos outros partidos para chegar a pactos e aprobar as medidas propostas polo goberno de UCD.
No discurso da campaña (doc.3) Suárez fai alusión á situación económica na que por medio de negociacións, as Cortes aprobaron case por unanimidade o plan de saneamento económico negociado polo ministro de economía, Fuentes Quintana, coñecido como os Pactos da Moncloa, polo que os traballadores aceptaban a moderación salarial a cambio de contrapartidas, como o inicio da reforma fiscal ou a extensión das prestacións da Seguridade Social.
O discurso fala de normalizar a vida política do pais, o que incluía unha amnistía total que daría lugar á excarcelación dos presos políticos non afectados por delictos de sangue e que permitiu o retorno dos políticos exiliados.
Tamén se fai alusión no discurso ao réxime autonómico e se estableceu un réxime preautonómico que se lle concedeu (antes de aprobarse a Constitución) a Galicia, Aragón, Canarias e Valencia. Cataluña recibiu unha “autonomía provisional” co restablecemento da Generalitat desde outono de 1977 e o País Vasco tamén mediante o Consello Xeral Vasco.
Algunhas destas medidas veranse recollida na elaboración da Constitución de 1978. Houbo dúas cuestións previas fundamentais: a aceptación da monarquía polos partidos das esquerdas e a aceptación do termo nacionalidades polos de dereitas.
Na Constitución recóllese a definición do Estado como democrático, organizado como unha monarquía parlamentaria (doc.4).Tamén o concepto de soberanía nacional. Recoñecemento das peculiaridades rexionais e do dereito á autonomía, polo que se entendía a posible transformación do estado centralista mediante os Estatutos de Autonomía. Recoñecía como linguas oficiais o castelán e as demais linguas españolas.
Desde o Estado liberal que plasmara unha división provincial (1833) non se producira unha modificación tan profunda no aspecto territorial. A UCD quería unha resposta inmediata para as nacionalidades históricas (artigo 151), que tiñan aprobado o Estatuto con anterioridade.

O texto aprobouse nas Cortes o 31 de outubro de 1978 coa abstención da minoría nacionalista vasca. Foi sometido a referendo o 6 de decembro dese mesmo ano e aprobado cun 87,87% de votos favorables, cunha participación baixa, dun 69% e con maioría de votos negativos no País Vasco.

Configurábase unha Constitución progresista pero non exenta de ambigüidade, produto do consenso, que permitía que o seu desenvolvemento lexislativo fose asumido tanto pola dereita como pola esquerda democrática.

A Constitución non da unha solución pechada ao problema nacional e remite a leis posteriores. É o intento histórico máis serio e duradeiro de articular as nacionalidades que existen en España.

Pouco despois, as Cortes foron disoltas e convocáronse novas eleccións en 1979.

Como conclusión podemos afirmar que estes textos representan o camiño da transición española na súa primeira etapa, na que houbo que substituír as institucións franquistas por outras que deran paso á democracia, desde o compromiso coa paz polo que foi un proceso cheo de luces e sombras, no que en determinados aspectos aínda hoxe estamos tratando de resolver e integrar unha normalidade democrática.

2. Comenta o seguinte texto, tendo en conta os aspectos subliñados

Os pactos da Moncloa de 1977

" Reunidos no pazo de La Moncloa, os representantes dos diversos partidos políticos, con representación parlamentaria, con presidente do Goberno e outros membros deste, aos efectos de coñecer e examinar como primeiro punto da orde do día o programa de saneamento e reforma económica (...)

Un primeiro aspecto sobre o que se alcanzou unha base de entendemento foi no diagnóstico da situación económica do país, cualificada como grave debido á confluencia de diversas crises. A coincidencia neste diagnostico debe servir, a xuízo dos reunidos, de base para adoptar as medidas que, dentro do marco dunha economía de mercado, resultan imprescindibles para sanear e reformar a actividade económica e que poidan permitir a superación e conseguinte relanzamento.

Foi motivo de especial consenso a necesidade de que os custos derivados da superación da crise sexan soportados equitativamente polos distintos grupos sociais, así como a esixencia da democratización efectiva do sistema político e económico que iso haberá de comportar para a súa aceptación polo conxunto da sociedade"

Pactos da Moncloa. Presidencia de Goberno. Madrid. 1977

Solución:

A transición democrática caracterizouse, nos primeiros anos de goberno de Adolfo Suárez, por un certo clima de cooperación política (política de consenso) entre a maioría dos partidos políticos con representación parlamentaria sobre os temas considerados "de Estado", como foi a redacción da Constitución de 1978, ou estes acordos para tentar superar as dificultades económicas, coñecidos co nome de Pactos da Moncloa, e promovidos polo Ministro de Economía do momento, Fuentes Quintana.

A crise, que afectou a todas as economías occidentais a partir de 1973, ano no que foi espectacular a subida do petróleo, como consecuencia da guerra árabe-israelí, tardou en ser abordada en España debido á debilidade dos últimos gobernos do franquismo e á inestabilidade política dos primeiros anos da transición democrática. Despois das primeiras eleccións a gravidade da situación fixo inevitable a adopción de medidas de axuste, que se pactaron entre case todas as forzas con representación parlamentaria nas primeiras eleccións democráticas (1977). Asinaron o acordo os partidos maioritarios (UCD, PSOE, PCE, AP., PSP, PNV e algúns dos catalanistas que máis tarde entraron a formar parte de CIU).

Se reafirmaba nos pactos o marco dunha *economía de mercado*, sendo a primeira vez que o PCE aceptaba formalmente apoiar o modelo económico capitalista. As contrapartidas por aceptar as medidas de saneamento económico foron unha idea xenérica de que o custo da crise debería ser asumida polo conxunto da sociedade, e sobre todo, o compromiso, compartido, de implantar un réxime político plenamente democrático, que era o obxectivo prioritario para todas as forzas que sufriran a

represión franquista. Os Pactos da Moncloa foron a expresión da vontade política democrática, maioritaria no país, e nese aspectos alcanzaron a meta que se propoñían: establecer un clima de cooperación plasmada na redacción da Constitución de 1978. Pero os seus logros foron moi limitados nos aspectos social e económico. Os sindicatos maioritarios, que daquela mantiñan unha estreita dependencia dos partidos políticos (a UGT do PSOE; CC.OO do PCE; ELA-STV do PNV) aceptaron moderar as demandas salariais pero non chegaron a emprenderse as reformas estruturais que precisaba a economía española ata a etapa socialista, na que, inmersos xa no proceso de integración europea, se procedeu a unha drástica reconversión industrial e agraria con elevados custos sociais e laborais.

3. Redacta unha resposta á seguinte cuestión teórica, intentando utilizar as túas propias palabras, despois de ter estudiado o tema proposto e non esquecer ningún dos aspectos importantes.

Resposta:
Os nacionalismos periféricos e o Estatuto de Galicia.
Debes explicar que as reivindicacións nacionalistas comezaron a finais do século XIX, que a 2ª República tratou de buscar unha fórmula que fose satisfactoria tanto para os nacionalismos periféricos como para o nacionalismo español, recoñecendo o dereito á autonomía (Cataluña, País Vasco e Galicia). Explicar que o franquismo perseguiu os acenos de identidade dos nacionalismo periféricos (lingua, cultura, ideoloxías, etc..). Comentar que no posfranquismo as reivindicacións nacionalistas, sobre todo en Cataluña e País Vasco, manifestáronse cada vez con máis intensidade; que as forzas políticas estruturáronse en dous grandes conxuntos: partidos nacionalistas periféricos, (de dereitas ou de esquerdas) e partidos estatais (de centro, esquerdas ou dereitas).
Estableceuse un réxime preautonómico mentres durou o debate constitucional no que participaron a UCD, PSOE, AP, PCE e CIU, aceptándose o termo *nacionalidade* e a xeneralización do dereito á autonomía para todo o territorio do Estado, establecéndose 17 Comunidades Autónomas e marcándose dúas vías de acceso (Art. 151 para as comunidades históricas e Art.143 para as demais, tamén chamada *vía lenta*). Debes facer un breve resumo do que supón a autonomía e as súas competencias, indicando que son máis amplas que as contempladas na etapa republicana.
Respecto do Estatuto de Galicia, observar que ten o seu antecedente na 2ª República onde foi plebiscitado pero non puido entrar en vigor. Aínda que foi o precedente para que Galicia fose considerada unha *nacionalidade histórica* e se tramitase o seu Estatuto a partir do art. 151 da Constitución e non do 143. Mencionar as dificultades na súa xestación: indiferencia do partido maioritario (UCD), hostilidade da dereita e dunha parte do nacionalismo (BN-PG). *A Comisión dos 16* e o Proxecto da Asemblea de Parlamentarios. O chamado “aldraxe” (intento de recortar as competencias do futuro Estatuto) e a resposta: masivas manifestacións populares. A escasa participación popular no referendo do Estatuto. Rematar cun resumo das principais competencias que supón e das limitacións que se lle achacan.